

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA: antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do 2 de maio de 2013, acordou a modificación do acordo do Consello de Goberno sobre duración do curso académico e convocatoria de órganos colexiados, nos termos do documento adxunto.


E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a 7 de maio de dous mil trece, co visto e praxe do sr. reitor.

Vº e praxe

O reitor



Juan J. Casares Long



ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 2 DE MAIO DE 2013 SOBRE DURACIÓN DO CURSO ACADÉMICO E CONVOCATORIA DE ÓRGANOS COLEXIADOS

Os regulamentos de réxime interno aprobados co sistema de estudos anterior á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior establecen a imposibilidade de celebrar reunión en períodos claramente delimitados como non lectivos ou en época de exames.

Sen embargo a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior incrementa por un lado o número de órganos e a necesidade de tomar decisións, e por outro aumenta o período lectivo e os períodos dedicados á celebración de probas, fundamentalmente pola avaliación continua e a realización da segunda oportunidade en xullo.

Isto supón unha importante problemática para a convocatoria de órganos colexiados nos que participan os alumnos/as, que ordinariamente non se reúnen en períodos non lectivos, polo que faise necesario clarificar cando os órganos colexiados dun Centro, Departamento, ou outras Comisións poden convocar e celebrar reunións.

Esta precisión tamén debe terse en conta para a convocatoria de órganos colexiados xerais nas que participen alumnos/as ou doutro tipo de convocatorias (electorais, etc.) que se vexan afectadas pola dualidade de calendarios.

O Consello de Goberno do 27 de xullo de 2010 e 19 de xullo de 2011 abordaron esta cuestión no senso de establecer os períodos inhábiles a efectos de reunións de órganos colexiados así como os efectos administrativos da contratación do profesorado.

Sen embargo, a unificación dos calendarios académicos en practicamente todos os Centros e o inicio de curso a primeiros de setembro require que existan reunións de órganos colexiados (fundamentalmente Comisións Académicas) que teñan que reunirse nos primeiros días de setembro.

Por outra banda, a antedita unificación dos calendarios determina a necesidade de que o período de contratación do profesorado se corresponda co Curso académico e polo tanto no caso de contratación anual debe corresponderse co período setembro- agosto.

Por último, pese a que a meirande parte de actividades lectivas se realiza entre setembro e xullo, existen actividades que van mais aló desas datas, como son, por exemplo, os traballos de fin de Grao e Máster (TFG e TFM), ou as prácticas que poden desenvolverse ata outubro e que se imputan ao curso académico precedente.

Deste xeito, é necesario adoptar unha norma unitaria para determinar os períodos nos que non se poderían reunir os órganos colexiados, os efectos administrativos do calendario escolar para poder determinar o período máximo de realización de

actividades académicas imputables a un curso académico e a consideración do curso académico para os efectos administrativos, e en materia de profesorado.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno na súa sesión do 2 de maio de 2013, ACORDA:

PRIMEIRO.- A efectos de convocatoria de órganos colexiados dos Centros e Departamentos considerarase inhábil o mes de agosto. No resto de órganos colexiados xerais nos que participe o alumnado, considerarase inhábiles do 1 de agosto ao 5 de setembro, ámbolos dous inclusive. No resto dos períodos convocarase os órganos colexiados, coa excepción dos días que sexan declarados inhábiles polo Estado, a Comunidade Autónoma ou a propia Universidade e os períodos nos que no calendario da USC se interrompe a actividade académico-docente (Nadal, Entroido e Semana Santa).

Esta mesma regra aplicarase subsidiariamente para a convocatoria de procesos electorais.

SEGUNDO.- A efectos de realización de actividades académicas de Grao e Máster o curso académico considerarase rematado o 31 de xullo. Non obstante poderanse realizar actividades TFG e TFM e prácticas ata o 30 de setembro. As actividades académicas rematadas máis aló desta data imputaranse ao curso seguinte.

Para os estudos de doutoramento o período de docencia e tutela académica será igual que para o Grao e Máster pero permitirase a realización do procedemento de defensa de teses no mes de setembro.

Para as titulacións propias estarase ao que estableza a respectiva convocatoria ou normativas específicas que se poidan establecer.

TERCEIRO.- A efectos de persoal, cando se faga referencia ao inicio e á finalización do curso académico, entenderase que o curso iniciárase o 1 de setembro e finalizará o 31 de agosto do ano seguinte.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1.- Os interesados que fixeron a súa opción de xubilación antes da entrada en vigor deste acordo entenderase que rematan os seus servizos con data do 30 de setembro de 2013. Non obstante o anterior, os interesados poderán voluntariamente solicitar o remate dos seus servizos con efectos do 31 de agosto de 2013.

2.- Do mesmo xeito, durante o ano 2013 manterase a data de remate dos contratos a 30 de setembro de 2013, pero nas prórrogas sucesivas e novos contratos a data de finalización será do 31 de agosto.

3.- Para o ano 2013, e como consecuencia deste acordo, nos casos en que a praza estea ocupada ata o 30 de setembro, a convocatoria da mesma poderá prever como período de duración dende o 1 de outubro de 2013, ou de sinatura do contrato se é posterior, ata o 31 de agosto de 2014.

4.- O profesorado que cumpra a idade de xubilación en setembro de 2013 poderá optar por continuar prestando servizos no curso 2013-14 ou xubilarse a 30 de setembro de 2013, conforme ao acordo vixente ata esta data.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogados os acordos do Consello de Goberno do 27 de xullo de 2010 e 19 de xullo de 2011 sobre esta materia.

DISPOSICIÓN FINAL

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.